



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Resolución, do 12 de agosto de 2021, pola que se fai público o ACORDO do Consello da Xunta de Galicia, do 15 de xullo de 2021, polo que se declara o interese autonómico do proxecto de ampliación do complexo medioambiental de Cerceda.

Resolución do 12 de agosto de 2021, pola que se fai público o ACORDO do Consello da Xunta de Galicia, do 15 de xullo de 2021, polo que se declara o interese autonómico do proxecto de ampliación do complexo medioambiental de Cerceda, situado no lugar de Morzós – As Encrobas (A Coruña), para os efectos previstos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Co obxecto de darlle cumprimento ao sinalado no artigo 42.4 da Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, faise público o acordo adoptado polo Consello da xunta de Galicia, na súa reunión do 15 de xullo de 2021, que ten o seguinte tenor literal:

“1º. Declarar o Interese Autonómico do proxecto de ampliación do Complexo Medioambiental de Cerceda, situado no lugar de Morzós - As Encrobas (A Coruña).

2º. Determinar como órgano competente, por razón da materia, para a tramitación do procedemento de aprobación do proxecto, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, debendo esta cumprir co procedemento legalmente establecido”

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2021

A directora xeral de Calidade Ambiental,

Sostibilidade e Cambio Climático

María Sagrario Pérez Castellanos

2021/6419